

A patria revisitada

Montse Pena Presas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PENA PRESAS, MONTSE (2011 [2006]). “A patria revisitada”. *Faro de Vigo*: 176 (14/09/2006), 5. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/79>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PENA PRESAS, MONTSE (2006). “A patria revisitada”. *Faro de Vigo*: 176 (14/09/2006), 5.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A PATRIA REVISITADA

[RECENSIÓN DO LIBRO DE DARÍO XOHÁN CABANA *CABALGADA NA BRÉTEMA*, 2006]

Montse Pena Presas

Nunha entrevista de hai cinco anos, Darío Xohán Cabana comentaba que, dentro das súas obsesións máis acuciadas, están a obsesión pola patria, polo pobo e pola vida en sociedade. Teimas ben presentes nas súas novas composicións, que arrecenden ao verde da terra, a esforzo labrego e a transformación colectiva. *Cabalgada na brétema* eríxese así como un sentido canto social que abrangue dende os elementos da natureza máis cativos ata os máis senlleiros, como pode ser ese rei que, transfigurado en mascato, decide albiscar dende o ceo o seu país. O que observa este paxaro é tan diferente ao que antes ollaba que xa: "... non encontra o lugar/ onde empezou a derrota". Nesta volta ao lugar orixinario dende o aire, quen escribe non pode deixar de lembrar ao deus maxinado por Curros en "Mirando ao chau", ese que presenciaba abraiado o mundo que el mesmo creara, porque entre el e o rei/paxaro de Darío Xohán técese fíos invisibles. Fíos que os cinguen polo devir negativo dos seus espazos vitais.

Deste xeito, atravesando toda esta aventura global contamos cun dos temas (por non dicir o tema) máis universal e atemporal da literatura: a nostalxia polo paso do tempo, ese *colligo virgo rosas*, que afecta e reconfigura absolutamente todo, mundándolle a face quizais para sempre. Así, no poema que dá título á obra (e tamén á primeira parte do poemario), un neto pensa ao seu avó, o mercader de Momán, regresando á súa aldea e percatándose de que moitos dos eidos que pisou nunca volverán ser como antes. A dor polo mundo que se foi repítese en "A sombra" e, en certa maneira, en "Biografía". Emporiso, nesta impactante e emotiva composición, inspirada no padriño do autor, ese baleiro do que xa non existe relaciónase máis coa perda da mocidade por parte da xeración que loitou na Guerra Civil no bando republicano.

A voz lírica tampouco deixa atrás á patria, pois configura as características dese acubillo sentimental e social en que: "os homes chámanse carballo,/ soñan carballo, e o carballo nace/ na landra que temos na cabeza." A segunda parte da obra, como ben di o seu nome, "De Rerum Natura", entronca con estes versos constituíndo unha oración laica na honra dos elementos naturais, da súa perdurabilidade e da súa importancia. Antes de todo, eles xa estaban. Xa estaban, ademais, posicionándose dunha parte concreta: a dos traballadores da terra e do mar. A lingua, como non podía ser doutra maneira, aparece como outra das conformadoras senlleiras da patria. Coa desaparición de vocábulos do noso idioma, pérdese tamén unha visión do mundo. Volve entón de novo a funcionar a ecuación básica deste poemario: a transformación e o progreso traen consigo a nostalxia e a dor.

Cabalgada na brétema é unha obra en que a intertextualidade xoga un papel bastante importante. Porén, o autor ten o detalle de desvelar parte das fontes literarias e dos feitos vivenciais cos que dialoga nas páxinas tituladas “Explicacións”. Páxinas estas que poñen o ramo a un volume que invita a reler non só a poesía, senón tamén a narrativa de Darío Xohán, para ver que toda ela se artella como unha inmensa eira dividida case ao azar. Épica nostálxica polo mundo do rural, sentimental mais tamén chea de forza, culturalista na meirande parte das ocasións, cántico dos vencidos, estes versos son un grande agasallo para os sentidos. Mais sobre todo, para a memoria. “Esmagorecen as roseiras. Ó mellor/ xa non é tempo de falar de rosas.”, di o poeta. Que para el sexa tempo de falar sempre.